

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

**6513** *Real decreto 523/2020, do 19 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a Norma de calidade relativa ao mel.*

O Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a Norma de calidade relativa ao mel, ten como finalidade regular nun só instrumento normativo a calidade do mel, traspoñendo a Directiva 2001/110/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, relativa ao mel, e derogando a normativa española anterior.

A citada directiva foi modificada pola Directiva 2014/63/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, en diversos aspectos.

Con respecto á mención na etiquetaxe da procedencia do mel, a Directiva 2001/110/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, dispón que se deberán mencionar na etiqueta o país ou os países de orixe onde o mel fose recollido. Non obstante, engade que se o mel procede de máis dun Estado membro ou dun terceiro país, a dita mención poderá substituírse, segundo proceda, por «mestura de meles da UE», «mestura de meles non procedentes da UE» ou «mestura de meles procedentes da UE e non procedentes da UE».

O Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, recolleu esta posibilidade e non exige os nomes dos países en caso de mesturas de meles. Non obstante, algúns Estados membros, ao traspoñeren a directiva aos seus respectivos ordenamentos xurídicos, optaron por non permitir a substitución da mención dos países de orixe polas mencións referentes á UE ou á non UE ou a combinación de ambas as dúas. Outros países, despois de traspoñeren inicialmente a directiva permitindo aos seus operadores a dita substitución, cambiaron de criterio e están a modificar a súa normativa interna para que a mención dos países de orixe non se poida substituír.

Tendo en conta a demanda social, manifestada a través de peticións realizadas por diversas organizacións representativas do sector, Cortes Xerais e parlamentos rexionais e o estreito vínculo existente entre a calidade do mel e a súa orixe, considérase indispensable garantir unha información máis completa sobre a orixe do mel, co fin de non inducir a erro os consumidores en relación coa calidade do produto. Neste mesmo sentido, o Parlamento Europeo, na súa Resolución do 1 de marzo de 2018 sobre as perspectivas e desafíos para o sector apícola da Unión, apoia que os Estados membros establezan unha obriga de indicar o lugar de orixe do mel, para os meles e outros produtos da apicultura, similar á que existe para os produtos cárnicos e lácteos.

Por outra parte, o Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1924/2006 e (CE) n.º 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE da Comisión, a Directiva 90/496/CEE do Consello, a Directiva 1999/10/CE da Comisión, a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 2002/67/CE, e 2008/5/CE da Comisión, e o Regulamento (CE) n.º 608/2004 da Comisión, constitúe a normativa que harmoniza na Unión Europea os requisitos que rexen a información alimentaria e, en particular, a etiquetaxe dos alimentos. Nos considerandos do regulamento, os lexisladores consideraron que a indicación da orixe dun alimento se debe facilitar de maneira que non engane o consumidor e sobre a base de criterios claramente definidos, que garantan unhas condicións de competencia equitativas para a industria e axuden os consumidores a entenderen mellor a información sobre o país de orixe ou o lugar de procedencia do alimento.

En definitiva, co obxecto de que o consumidor teña coñecemento do lugar de orixe do mel, cómpre implantar unha etiquetaxe máis detallada e obrigatoria, co obxecto de salvaguardar a protección do consumidor e dificultar a realización de prácticas ilexítimas en relación coa orixe xeográfica dos meles.

No proceso de elaboración desta norma realizáronse os trámites preceptivos de consulta pública previa e de audiencia e información pública. Así mesmo, consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu o seu informe preceptivo.

Así mesmo, este real decreto foi sometido ao procedemento previsto na Directiva 2015/1535/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, polo que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información. Igualmente, foi comunicado ao Comité de Obstáculos Técnicos ao Comercio da Organización Mundial do Comercio (OMC), de acordo co establecido no Acordo sobre obstáculos técnicos ao comercio (Acordo OTC).

O contido deste real decreto axústase aos principios de boa regulación considerados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en virtude dos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de establecer unha indicación da orixe dos meles máis detallada. A modificación da indicación da orixe dos meles, dentro dos límites que establece a Directiva 2001/110/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, é a forma máis axeitada de conseguilo. Tivéronse en conta, así mesmo, os principios de eficiencia e proporcionalidade ao establecer unha regulación e limitar as cargas administrativas ás mínimas imprescindibles para lograr os fins que se pretenden. En aplicación do principio de transparencia, ademais da audiencia pública, durante a tramitación desta disposición consultáronse as comunidades autónomas, así como as entidades representativas do sector afectado e os consumidores. Por último, este real decreto atende ao principio de seguridade xurídica, pois mantén a coherencia co ordenamento xurídico que é de aplicación e deixa aos operadores os necesarios períodos transitorios de adaptación.

Este real decreto dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúen ao Estado as competencias exclusivas en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da sanidade, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e do ministro de Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de maio de 2020,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a Norma de calidade relativa ao mel.*

O Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a Norma de calidade relativa ao mel, queda modificado como segue:

Un. O punto 5 da Norma de calidade, relativo á etiquetaxe, queda modificado no seguinte:

O punto 5.1.4 queda redactado do seguinte modo:

«5.1.4 Deberán mencionarse na etiqueta o país ou os países de orixe en que o mel e, de ser o caso, as súas mesturas fosen recollidos.»

Engádesse un novo punto 5.1.6, coa seguinte redacción:

«5.1.6 Os operadores deberán recoller dentro do seu sistema de autocontrol as evidencias necesarias para demostrar ante as autoridades competentes as

orixes dos meles empregados nas mesturas, indicadas no punto 5.1.4. Os rexistros das devanditas evidencias deberán conservarse durante o tempo indicado no artigo 10.3 da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria.»

Dous. A disposición adicional única pasa a ser disposición adicional primeira e engádesse unha disposición adicional segunda co seguinte contido:

«Disposición adicional segunda. *Cláusula do mercado único.*

As mercadorías comercializadas legalmente noutro Estado membro da Unión Europea ou en Turquía, ou orixinarias dun Estado da Asociación Europea de Libre Comercio signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e legalmente comercializadas, considéranse conformes co presente real decreto. A aplicación deste real decreto está suxeita ao Regulamento (UE) 2019/515 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2019, relativo ao recoñecemento mutuo de mercadorías comercializadas legalmente noutro Estado membro e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 764/2008.»

Disposición transitoria única. *Comercialización de existencias de produtos.*

Os produtos envasados, comercializados ou etiquetados antes do día da entrada en vigor deste real decreto, de conformidade co Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, poderán seguir comercializándose ata que se esgoten as existencias e sempre antes de transcorrerem dezaioito meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de maio de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,  
CARMEN CALVO POYATO